

Hai familias monoparentais,
homoparentais, reconstituídas,
ensambladas

¡¡DIVERSAS !!

E moitos son os medios para
chegar a formar unha familia:
a adopción, a reprodución
asistida, a reprodución natural,
o acollemento ...



EN DEFINITIVA


A escola é un fiel reflexo da nosa sociedade.
Se facemos visibles as diferentes realidades,
normalizándoas, deixaremos de pensar nas
familias que non responden ao modelo
tradicional como "familias diferentes" para
pasar a pensar "no diferentes que son as
familias".



Asociación
Madres Solteras
por Elección



Síguenos: AsociacionMSPE



www.madressolterasporeleccion.org
asociacionmspe@gmail.com

Subvencionado por:



Diversidade familiar

¡O diferentes que
son as familias!



Asociación
Madres Solteras
por Elección

Os cambios ocorridos na sociedade nos últimos anos permitiron a creación de diferentes tipos de familia, pasando dun único modelo recoñecido á diversidade familiar.

En paralelo, a lexislación sobre as familias está a evolucionar no sentido de reducir a discriminación dos modelos diferentes ao tradicional, dentro dos cales nos atopamos as Nais Solteiras por Elección.

QUEN SOMOS?

Somos persoas sen parella que escollemos libremente ter fillos e fillas.

A lexislación no noso país, hoxe en día, permite que as persoas sen parella poidamos construír a nosa propia familia, tanto a través da adopción ou mediante técnicas de Reprodución Asistida.

POR QUE NOS DIRIXIMOS A EDUCADORES E EDUCADORAS?

Porque sodes axentes activos na educación dos nosos fillos e fillas.

Porque para educar de forma integral e responsable, a escola precisa coñecer a realidade do alumnado.


Porque moitas veces na escola pode haber situacións nas que é evidente que os nosos fillos pertencen a un tipo de familia diferente do modelo tradicional, e non desexamos que sexa un motivo de discriminación.

SUXESTIÓNS

Partir da diversidade familiar como unha realidade que afecta a diferentes ámbitos educativos e que se poden concretar en:

- Coñecer a realidade familiar de cada neno e nena para referirse de forma concreta e adecuada á súa familia.
- Ter en conta a diversidade familiar cando se fale en clase, tratándoa de maneira transversal e dispoñendo de materiais e recursos suficientes e adecuados.
- Mostrar na aula todos os tipos de familia existentes (en carteis, libros de texto, bibliografía, na conversa) e expresarse sen prexuízos sobre as familias diferentes ao modelo tradicional.
- Incluír as técnicas de Reprodución Asistida nos contidos de clase cando se fale de reprodución. Falar da adopción e o acollemento familiar como unha forma máis de construír unha familia.
- Cando se fala da árbore xenealóxica, usar distintos modelos que non exclúan ningún tipo de familia. Apreciar que non todos se basean nunha conexión xenética e buscar alternativas para incluír e representar outros vínculos.

- Comunicarse con fluidez cos pais ou nais cando eles crean que os temas que van ser tratados na aula poden afectar ao neno, de xeito que as familias poidan preparalos con antelación e / ou traballar coa escola se é conveniente.
- Utilizar unha linguaxe inclusiva e integradora, recoñecendo sempre a diversidade familiar. Por exemplo, nos impresos con sinaturas cambiar o modelo de pai / nai: Nai(s), pai(s) ou titor(s) legal(s).
- No caso de celebrar o día da familia (ou do pai e da nai), ter en conta as realidades familiares dos menores do centro, así como a diversidade familiar.



Querido Equipo Directivo:

Poñémonos en contacto con vostedes coa satisfacción de poder cumprir un dos obxectivos da nosa asociación: ofrecer á nosa sociedade e ás súas institucións información e recursos sobre temas relacionados coas nosas familias.

Os cambios ocorridos na sociedade nos últimos anos permitiron a creación de diferentes tipos de familia, pasando dun único modelo recoñecido á diversidade familiar.

En paralelo, a lexislación sobre as familias está a evolucionar no sentido de reducir a discriminación dos modelos diferentes ao tradicional, dentro dos cales nos atopamos as familias monoparentais, encabezadas, no noso caso, por unha muller que elixiu libremente ter fillos sen un compañeiro.

Comprendendo a escola, como un motor de cambio social, e sendo coñecedoras dos novos modelos pedagóxicos, cremos fundamental traballar en conxunto para integrar con éxito todas as realidades existentes na escola e fomentar o desenvolvemento das competencias clave recollidas na LOMCE, especialmente a competencia social e cívica.

Consideramos aos docentes axentes activos na educación dos nosos fillos e fillas, é por iso que lles enviamos este tríptico, co fin de achegar unha serie de suxestións didácticas a modo de reflexión, e co obxectivo de enriquecer calquera tarefa de aula ou de centro relacionada coa creación das familias e os seus diferentes tipos. Con estes recursos queremos contribuír para poder traballar no seu centro a diversidade existente.

A escola é un fiel reflexo da nosa sociedade. Se facemos visibles as diferentes realidades, normalizándoas, deixaremos de pensar nas familias que non responden ao modelo tradicional como "familias diferentes" para pasar a pensar "no diferentes que son as familias".

Despedímonos atentamente e co desexo de que todas as familias que forman a comunidade educativa se sintan representadas nela.



Asociación MSPE
NIF: G-85083616
asociacionmspe@gmail.com
www.madresolterasporeleccion.org
Móvil: 622 323 173